



BASES PARA A SELECCIÓN DE 2 OFICIAIS DE PRIMEIRA EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Selección e contratación laboral temporal polo sistema de oposición para tódolos servizos públicos de administración especial deste concello, exceptuando os de seguridade. A contratación será de 2 persoas a tempo completo, por obra ou servizo, cunha duración aproximada de 9 meses (podendo variar segundo o contemplado na letra b) da base 2ª). A categoría sería:

- 1 Conductor/a
- 1 Tractorista

Co motivo do actual estado de emerxencia sanitaria e correspondente estado de alarma que foi establecido polo Real Decreto 956/2020, de 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, faise imprescindible para o concello dispor de mais persoal de administración especial consistente en 2 oficiais de primeira contratados en réxime xurídico laboral por contrato temporal de obra e servizo en virtude das seguintes necesidades:

- a) O estado de emerxencia sanitaria na que vivimos e actual estado de alarma que no momento presente non existe data para a súa finalización esixe a adopción de medidas no dominio público local para axeitar as mesmas ás condicións de hixiene e sanidade precisas que impidan a propagación da pandemia ou enfermidade entre a cidadanía. Para o desenvolvemento desas tarefas é preciso dispor de persoal con capacidade suficiente que as poida desenrolar dunha maneira efectiva, non dispoñendo dos mesmos na actualidade. Trátase de tarefas de conservación, reparación e mantemento dos elementos de dominio público, polo cal afecta ao uso público, como beirarrúas, vías públicas, parques, xardíns, mobiliario urbano e similares, garantindo nos mesmos a desinfección, a limpeza, a hixiene adecuadas ás obrigas que impón o actual Estado de Alarma.
- b) O sistema de determinada prestación de servizos públicos locais, en especial o de limpeza viaria e o de recollida de residuos sólidos urbanos e neste suposto o de contenerización implican tamén a necesidade de desenrolar tarefas que adapten as infraestructuras destes servizos ás necesarias condicións de hixiene, limpeza, ... que esixen o xa mencionado estado de emerxencia sanitaria. Polo tanto é imprescindible que os servizos especiais deste concello se vexan reforzados nestes dous postos de traballo polo tempo imprescindible. Neste senso é de aplicación o apartado 4 da Disposición Adicional do RD 463/2020, de 14 de marzo, que no parágrafo precedente, ou terceiro, suspende os procedementos durante a duración do estado de alarma e precisamente este parágrafo 4 os exceptiona cando os procedementos,





como é o caso actual, estéan directamente relacionados co estado de emerxencia sanitaria

SEGUNDA.- NÚMERO DE POSTOS E CONDICIÓNS DO CONTRATO DE TRABALLO.

- a) Dúas (2) persoas a tempo completo, por obra ou servizo cunha duración aproximada de 9 meses. A modalidade contractual será a duns contratos de duración determinada por obra ou servizo, a tempo completo. A contratación farase ao amparo do disposto no apartado 1 a) do art. 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro (BOE 24/10/2015) polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.
- b) De ser o caso, pola concesión de axudas ou debida á urxente e motivada necesidade, poderase ampliar a xornada e a duración dos contratos de un ou varios traballadores, a través da correspondente modificación asinada por ámbalas partes.
- c) As funcións a realizar serán as propias do persoal asignado ao servizo de obras do Concello ou calquera outra que competa ao Servizo de Operarios de públicos de administración especial, exceptuando os de seguridade.
- d) O persoal contratado estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista para a función pública (Lei 53/1984, do 25 de decembro).

TERCEIRA.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles tanto a data de selección como no da formalización do contrato de traballo e que estean debidamente xustificadas:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido do Estatuto Básico do Emprego Público, respecto do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ó que aspira.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares





ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- e) Permiso de carné de conducir C (só para a praza de condutor/a).

CUARTA.- PROCEDEMENTO E PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

Farase unha convocatoria pública a través da páxina WEB do Concello de Valga, sede electrónica do concello de Valga e bandos.

Unha vez publicada a convocatoria darase un prazo de **3 días naturais** para presentar a solicitude de participación e currículo (Anexo I) no rexistro do Concello no que os/as aspirantes deberán manifestar todas e cada unha das condicións esixidas para tomar parte da convocatoria xunto coa documentación seguinte:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia do Permiso de Carné de conducir C (só no caso da praza de condutor)

QUINTA.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias o tribunal cualificador publicará a acta ca listaxe provisional de admitidos e excluídos, así como as causas da súa exclusión. Esta acta será publicada no Taboleiro de anuncios do concello, páxina web e sede electrónica do concello. Os aspirantes excluídos disporán de **2 días hábiles** para a corrección dos defectos ou omisións así como para efectuar reclamacións.

Rematado dito prazo aprobarase, mediante resolución da alcaldía, a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos. No caso de que dende un primeiro momento non houberse ningún aspirante excluído, ditarase resolución aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos. Nestas resolucións, de existir variacións do Tribunal cualificador, publicarase a súa nova composición.

SEXTA.- PROCESO DE SELECCIÓN DOS ASPIRANTES

Realizarase mediante concurso de méritos (0 a 100 puntos).

Consistirá:

1. Nun proba práctica (60 puntos): Desenvolvendo unha proba consistente nunha tarefa propia do posto.
2. Entrevista persoal (40 puntos): Se desenvolverán preguntas relacionadas co posto de traballo ou proba escrita mediante items. Valoraránse aspectos relativos aos coñecementos do/da aspirante como oficial de primeira da praza á que aspira tale como coñecemento do municipio, dispoñibilidade de vehículo,





CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA
986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55
concello.valga@eidolocal.es www.valga.gal

dispoñibilidade horaria, experiencia (aspectos os cales deberán poderse acreditar documentalmente se así o require o tribunal).

En calquera momento os/as aspirantes poderán ser requiridos para acreditar a súa identidade e deberán presentarse ás probas provistos do documento nacional de identidade. Os/as aspirantes serán convocados en chamamento único e a non presentación no momento de ser chamado suporá a súa exclusión do proceso selectivo, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas polo tribunal.

A orde de prelación dos aspirantes que superen o proceso selectivo efectuaranse de acordo coas puntuacións finais obtidas, non podendo superar o proceso selectivo un número de persoas superior ó das prazas convocadas, formulándose proposta de nomeamento a favor dos 2 aspirantes que acadasen a maior puntuación final en cada praza.

No caso de empate na puntuación final entre dous ou máis aspirantes, o mesmo será resolto por sorteo. Na acta da última sesión incluírase unha relación dos aspirantes que, tendo aprobada a oposición, non obtivesen praza, na orde de puntuación final por estes obtida, co fin, si se estima necesario, de cubrir vacantes por renuncia, incapacidade temporal dalgún dos seleccionados ou se fose precisa a contratación de maior número de traballadores para dita obra ou servizo. O chamamento realizarase telefonicamente. Esta bolsa estará vixente durante o ano 2020 e 2021.

Os/as aspirantes seleccionados/as deberán cumprir os requisitos esixidos para tomar parte na convocatoria contidos na Base segunda das presentes Bases unha vez se produza o seu chamamento para a prestación do servizo.

Estableceranse nos contratos un período de proba de 15 días naturais dende a alta, período durante o cal, sen previo aviso poderá rescindir-se o mesmo por calquera das partes.

Establecida a puntuación final de cada aspirantes, elaborárase unha listaxe destes/as aspirantes baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobados/as os/as que tendo en conta o número de prazas, obtivesen as notas máis altas, publicándose un listado coas puntuacións obtidas dando un prazo de tres (3) días hábiles para presentar as alegacións que se consideren oportunas.

Pasado este prazo e resoltas as alegacións se as houbera, publicarase o listado definitivo por orde de puntuación dos/as candidatos/as, facendo a proposta de contratación en función das puntuacións obtidas. O resultado comunicáraselle





CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA
986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55
concello.valga@eidolocal.es www.valga.gal

persoalmente as persoas seleccionadas e o resto poderá consultar os listados coas puntuacións no taboleiro de anuncios do Concello.

O/a candidato/a seleccionado/a deberá incorporarse ao posto de traballo nun prazo de catro días hábiles dende a data na que se lles notifique o resultado.

SÉTIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal, proporá á Alcaldía o/a aspirante máis idóneo para a súa selección, e estará integrado por:

- Presidente/a
- Secretario/a
- 3 Vocais

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza como mínimo de tres dos seus membros con dereito a voto, titulares ou suplentes indistintamente, sendo imprescindible a presenza do presidente e a/o Secretaria/o.

O Tribunal actuará con suxección ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación. Tamén decidirá sobre como proceder nos casos non previstos nas presentes bases.

OITAVA.- DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, no TR Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia e demais lexislación vixente que sexa de aplicación e no TR Estatuto dos Traballadores.

Segunda.- As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións do Tribunal Cualificador poderán ser impugnados polos/as interesados/as no caso e na forma establecidos na Lei Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, así como na Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa e normas vixentes concordantes.

Terceira.- O actual estado de emerxencia sanitaria e en consecuencia Estado de Alarma obrigan as administracións públicas a levar a cabo medidas de restrición respecto do uso das dependencias públicas do acceso dos cidadáns ás mesmas e tamén do persoal ao servizo da administración, mantendo, en todo caso, e garantindo que se respeten en todo momento as instrucións ditadas pola autoridades sanitarias pertinentes. En consecuencia, o desenrolo deste procedemento selectivo debe de estar suxeito á mesmas restricións e esixencias refiridas con anterioridade. Polo tanto o tribunal calificador adoptará as medidas que estime pertinentes para que os





Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA
986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55
concello.valga@eidolocal.es www.valga.gal

aspirantes manteñan a adopción de todas as medidas de prudencia para respetar as instrucións de salvagarda da saúde ditas pola autoridade sanitaria sendo en especial, o mantemento das distancias entre persoas, o uso de mascarillas, o uso de elementos de hixiene persoal e outros similares. En calquera caso o tribunal poderá adoptar medidas para que se acredite que os aspirantes e tamén os seleccionados non están incursos nunha situación de contaxio ou de enfermidade que poña en perigo a saúde en xeral.

A presentación de reclamación non suspenderá a continuación do proceso selectivo salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

NOVENA.- REMISIÓNS

Aos efectos retributivos, de categorización, e de condicións singulares aplicables a cada posto dos citados nestas bases terase en conta o convenio sectorial vixente que sexa de aplicación de ámbito provincial ou superior, sendo as tarefas as encomendadas no mesmo.

Os/As aspirantes non deberán necesariamente dispor de experiencia na categoría profesional, consolidada en anteriores centros de traballo, senón reunir os requisitos esixidos e superar as probas establecidas nestas bases.

Asinado dixitalmente en data ao marxe.

O alcalde,

José M^a Bello Maneiro





**ANEXO I:
SOLICITUDE DO INTERESADO**

DATOS DO INTERESADO

Nome e Apelidos	NIF

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS

Medio de Notificación¹			
<input type="checkbox"/>	Notificación electrónica		
<input type="checkbox"/>	Notificación postal		
Dirección			
Código Postal	Municipio	Provincia	
Teléfono	Móbil	Fax	Correo electrónico

OBJECTO DA SOLICITUDE

EXPÓN

Que, vista a convocatoria anunciada na sede electrónica do Concello de Valga, en relación coa convocatoria para a selección de 2 traballadores en réxime de persoal laboral temporal, conforme ás bases publicadas,

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE,

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido do Estatuto Básico do Emprego Público, respecto do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ó que aspira.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades





CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA
986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55
concello.valga@eidolocal.es www.valga.gal

Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- Permiso de carné de conducir C (para a praza de condutor/a).

Documentación achegada:

Fotocopia do DNI

Fotocopia do Permiso de carné de conducir C (só para o posto de condutor/a)

Currículo

Por todo o cal, **SOLICITO** que, de conformidade co disposto nos artigos 55 e 56 do texto refundido da Lei de Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, admítase esta solicitude para o proceso de selección de persoal referenciado, da seguinte praza:

Condutor/a

Tractorista

Consentimento e deber de informar aos interesados sobre protección de datos

Fun informado de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.

Responsable	Concello de Valga
Finalidade Principal	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións derivadas destes.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a este Concello.
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional

DATA E FIRMA

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.

En _____, a _____ de _____ de 20__.

O solicitante,

Asdo.: _____

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VALGA.





CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)

Avda. Coruña, 14 - 36645 VALGA
986 55 94 56 - 986 55 92 44 Fax. 986 55 94 55
concello.valga@eidolocal.es www.valga.gal

CURRÍCULO PRAZA EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Apelidos:

Nome:

DNI:

Enderezo:

Data de nacemento:

Teléfono:

Carné de conducir:

SI
 NON

Vehículo propio:

SI
 NON

Disponibilidade horaria:

SI
 NON

Traballos realizados:

- _____

- _____

- _____

- _____

- _____

- _____

- _____

- _____

Outros datos de interese:

